



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo
15703 Santiago de Compostela Galiza
Tfne. 981555850 Fax 981555851
sedenacional@bng-galiza.org

D. Pablo García
Director de Campaña do PSdeG-PSOE

Santiago de Compostela, 4 de Setembro de 2012

Prezado Pablo

A celebración de debates en período electoral é, baixo o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, unha condición esencial para que a cidadanía se forme unha opinión ben fundada antes de emitir o seu voto.

Os debates fan parte da mellor tradición democrática e a súa celebración en campaña, entre os candidatos á presidencia da Xunta, constitúe unha vella reivindicación do Bloque Nacionalista Galego. Reivindicación que conecta cunha sociedade que demanda das forzas políticas transparencia e clarezas á hora de formular as súas alternativas.


É por isto que propomos unha reunión das tres forzas políticas con representación parlamentaria en Galiza para acordarmos os termos en que se irán celebrar os debates entre os nosos respectivos candidatos á presidencia da Xunta nos medios de titularidade pública galega.

Acodiremos a esta reunión sen establecermos de entrada ningún tipo de condición previa e con ánimo de estudarmos calquera fórmula que se plantexa pondo sempre por diante a salvagarda do dereito dos cidadáns a veren os candidatos debater.

Estamos certos de que partillades estes puntos de vista e de que nos próximos días poderemos ter un encontro para establecermos de común acordo os termos do debate.

É o que agarda de nós a sociedade galega.

Un saúdo.



Montserrat Prado
Directora de Campaña do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo
15703 Santiago de Compostela Galiza
Tfne. 981555850 Fax 981555851
sedenacional@bng-galiza.org

D. Alfonso Rueda
Director de Campaña do PP de Galicia

Santiago de Compostela, 4 de Setembro de 2012

Prezado Alfonso

A celebración de debates en período electoral é, baixo o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, unha condición esencial para que a cidadanía se forme unha opinión ben fundada antes de emitir o seu voto.

Os debates fan parte da mellor tradición democrática e a súa celebración en campaña, entre os candidatos á presidencia da Xunta, constitúe unha vella reivindicación do Bloque Nacionalista Galego. Reivindicación que conecta cunha sociedade que demanda das forzas políticas transparencia e clareza á hora de formular as súas alternativas.


É por isto que propomos unha reunión das tres forzas políticas con representación parlamentar en Galiza para acordarmos os termos en que se irán celebrar os debates entre os nosos respectivos candidatos á presidencia da Xunta nos medios de titularidade pública galega.

Acodiremos a esta reunión sen establecemos de entrada ningún tipo de condición previa e con ánimo de estudarmos calquer fórmula que se plantexe pondo sempre por diante a salvagarda do dereito dos cidadáns a veren os candidatos debater.

Estamos certos de que partillades estes puntos de vista e de que nos próximos días poderemos ter un encontro para establecemos de común acordo os termos do debate.

É o que agarda de nós a sociedade galega.

Un saúdo.



Montserrat Prado
Directora de Campaña do BNG